

## ROSA DE ABRIL POR ANDRÉS GAOS GUILLOCHON

O compositor e director especializado en bandas de orixe vasca Rodrigo de Santiago (1907-1985) foi o primeiro en Galicia en descubrir a música de Gaos e interesarse por ela. Durante a súa permanencia na Coruña, a partir da década de 1960, contactou por correo con Luisa Guillochon (1899-1982), viúva do compositor e residente en Mar del Plata (Arxentina), quen en 1965 lle remite xunto a outras composicións de Gaos a romanza que nos ocupa.

Co único título de *Rosa de abril. Romanza para piano*, a partitura consistía en vinte compases de 12 x 8 sen o pentagrama de canto, escritos por copista. Anexa encontrábase unha folla manuscrita pola propia Luisa, cos versos de Rosalía de Castro que utilizara Gaos no atril do seu piano vertical para compor esta a súa obra póstuma. Todo este material estaba acompañado por unha carta de Luisa, co seguinte parágrafo aclaratorio da súa propia man:

*A última inspiración do meu marido foi unha romanza para canto que titulou Rosa de abril, axustándose así ao texto dunha poesía de Rosalía de Castro sacada dos Cantares galegos, e que figura no índice do libro co título de “Nasin cand’ as prantas nasen” (Edición Tor, p. 12). A súa saúde, xa moi precaria, non lle deu tempo a pór a letra.”*

Dado o exposto, compréndese que a delicada saúde do compositor lle impediu recompor a partitura e adaptala á versión de canto e piano, tal como era a súa intención nun comezo. De calquera xeito o resultado final era moi sinxelo, só había que superpor a letra en galego de Rosalía á melodía do piano, que se adaptaba como anel ao dedo, e asunto concluído. Se na práctica a sensibilidade do pianista de quenda o impulsaba a suprimir a dobraxe da voz no piano e redeseñar o acompañamento, tanto mellor. Mais cuestionar a íntima relación e interdependencia entre música e poesía carecía de sentido.

Como é notorio, os *Cantares galegos* de Rosalía non levan ningún título e individualízanse polo primeiro verso de cada poema. Das estrofas de “Nasin cand’as prantas nasen” Gaos extrae o novo nome de *Rosa de abril*, que resume e identifica con singular acerto o contido dos versos. Cremos oportuno aquí evocarmos os conceptos expresados polo seu fillo Andrés en tales circunstancias:

*“Cos seus 84 anos ás costas acompañados dunha neuralxia do trixémimo, Gaos estaba do máis entusiasmado coa súa romanza e irradiaba aos que o rodeabamos unha alegría pegañenta, que se mesturaba con escintileos de tristeza e admiración, pois todos víamos que a súa saúde estaba en franco declive e que o fin se aproximaba.”*

Entre as vinte cancións compostas por Gaos sobre poesías en francés e castelán, *Rosa de abril* distínguese por ser a única que emprega o idioma galego. Esta romanza foi sempre interpretada coa letra en incontables ocasións, e tamén gravada comercialmente en distintas oportunidades. Mesmo chegou a ser en certo momento a obra máis frecuentada e coñecida de Gaos, lugar que hoxe ocupa *Impresión Nocturna*. Non obstante, sempre estivo acompañada de historias e rumores en relación coa marabillosa letra de Rosalía.

O primeiro en alimentar as suspiencias sobre a ensamblaxe de música e letra foi nada menos que o seu primeiro destinatario, Rodrigo de Santiago, quen durante a súa estrea europea na Coruña en 1965, na versión de voz e piano, expresou o seguinte: “*Pola nosa parte haberemos de aclarar –é un deber– que a poesía de Rosalía Castro está incompleta e algo modificada.*” Non compartimos esta opinión por considerármola inconsistente, pois o feito de que nos vinte compases escritos por Gaos non coubese a quinta estrofa do poema non xustifica o afirmar que a poesía está incompleta. De ser así, a maior parte das letras utilizadas por Gaos nas súas cancións poden tamén considerarse incompletas. Por outra parte, na edición dos *Cantares galegos* que Gaos empregou (a da Editorial Tor, Bos Aires), que se atopa depositada no Arquivo Municipal da Coruña, aínda que en tres dos versos se encontran algunhas palabras que difiren das edicións máis solventes, a súa simple substitución polos termos correctos facía innecesaria esta formulación.

Recentemente, en 2005, o padre José López-Calo, incansable musicólogo galego, sorpréndenos pola súa intuición e a súa profesionalidade ao escribir sobre *Rosa de abril* o seguinte parágrafo:

“(…) o texto completo de Rosalía acomódase perfectamente á música, tanto nos acentos como no espírito, polo que non parece aventurado sospeitar que a melodía –e quizás tamén o acompañamento, ou sexa, a obra na súa totalidade– naceuse precisamente con base neste texto.”

Malia prevermos as futuras críticas que se aveciñan, presentamos aquí unha nova versión de *Rosa de abril* que contén o engadido de dous compases de introdución, alén dunha repetición completa de todo o poema musical que, polo seu natural enlace na partitura, semella como se fose intuída espontaneamente por Gaos. Como consecuencia, os

vinte compases orixinais incrementáanse a un total de corenta e dous, o cal permite dar cabida a todas as estrofas de Rosalía e proporciona ao ocasional oínte unha mellor comprensión.

Esta adaptación realizada por Andrés Gaos Guillochon foi posteriormente corrixida e mellorada polo director e compositor galego Joám Trillo, quen tamén se ocupou de transcribila a unha versión dixitalizada, aínda que non aceptou o merecido ofrecemento de figurar como revisor xunto a Gaos fillo.

## Rosa de abril

Trabalho: Rosalía Castro

Andrés Gaos (1874-1959)  
Revisión: Andrés Gaos/Guillochon

The image displays the first page of a musical score for the song 'Rosa de abril'. It features a vocal line and a piano accompaniment. The score is written in G major and 3/4 time. The vocal line begins with a treble clef and a key signature of one sharp (F#). The piano accompaniment is written for both the right and left hands. The lyrics are in Galician and are written below the vocal line. The score is divided into four systems, each with a system number (1, 2, 3, 4) in the left margin. The lyrics are: 'un día que me sa - lon... un día que me sa - lon... un día que me sa - lon...', 'un día que me sa - lon... un día que me sa - lon... un día que me sa - lon...', 'un día que me sa - lon... un día que me sa - lon... un día que me sa - lon...', and 'un día que me sa - lon... un día que me sa - lon... un día que me sa - lon...'. The piano accompaniment consists of a steady eighth-note pattern in the right hand and a bass line in the left hand.

Primeira páxina da edición de Rosa de Abril  
na revisión de Andrés Gaos Guillochon e Joam Trillo